

PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia do CEIP da Laxe é o documento no cal se articula a convivencia escolar do noso centro, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

DATA: 28/01/2020

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 28/01/2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 28/01/2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	4
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.....	6
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.	9
3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras	13
i. Actividades do plan de acollida.	14
ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.	15
iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.	15
iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.	15
v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo	15
vi. Aula de convivencia inclusiva.....	16
3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:	17
i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.	¡Error! Marcador no definido.
ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.	¡Error! Marcador no definido.
iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.....	¡Error! Marcador no definido.

3.3. Protocolo de Absentismo.	20
3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.....	23
i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFPF).....	24
ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.....	24
3.5. Normas de convivencia do centro.....	24
3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.....	26
i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección	27
ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.....	30
iii. Criterios para a elección do instructor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).....	34
iv. Gradación das medidas correctoras (art.34).....	36
v.Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º)	37
vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).....	39
3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	41
3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	42
3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.	42

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa. Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e a conflitividade detectada neste.

a) Características do centro e da súa contorna que contextualizan a intervención educativa.

En termos xerais, pode dicirse que os problemas de conduta e a desmotivación do alumnado estanse convertendo nos principais obstáculos da tarefa docente e da convivencia no centro. O clima de convivencia que se percibe no noso centro é aceptable, aínda que coa actualización deste Plan pretendemos melloralo.

b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes do noso centro para a resolución dos conflitos no ámbito escolar. O noso obxectivo principal é ensinar ao noso alumnado a saber comportarse correctamente, tanto dentro como fóra do centro, crear persoas con dereitos e deberes. A formación dos nenos e nenas no coñecemento dos seus dereitos faraos libres e participativos; a formación nos seus

dereitos e obrigas paraos responsables, solidarios, tolerantes, respectuosos cos dereitos dos demais, creará neles e nelas actitudes favorecedoras da convivencia e a oportunidade de aproveitar o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición. Buscamos, polo tanto, crear un bo clima escolar.

A principal preocupación do centro é a formación integral das nenas e nenos que compoñen o noso alumnado. Neste senso, o desenvolvemento do traballo cotiá en condicións óptimas, a adquisición de hábitos de convivencia e respecto ás persoas e ao medio, a resolución de conflitos de forma dialogada, o respecto á diferenza, e a práctica da colaboración e a participación activa, son, entre outros, os principios que nos marcan o estilo de convivencia que pretendemos.

- c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

Cómpre potenciar unha nova visión na organización escolar que sexa o resultado do traballo conxunto por parte de todos os sectores da nosa comunidade educativa. En canto á relación coas familias, a maioría dos mestres e as mestras coincidimos en que esta debería mellorarse: solicitar titorías para informarse do desenvolvemento da aprendizaxe dos seus fillos e fillas e do seu comportamento, sen ter que esperar a que o profesorado tome a iniciativa, participar nas actividades nas actividades propostas...

Así mesmo botamos en falta máis colaboración das familias: os valores de respecto, cooperación, responsabilidade, tolerancia... que traballamos cos nosos alumnado deberían ser reforzados no ambiente familiar, aclarando sempre as dúbidas de feitos concretos co profesorado e non limitándose simplemente a ter en conta as versións do alumnado.

- d) Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

Podemos dicir que o noso centro, en termos xerais e tendo en conta o comportamento dos nosos alumnos e alumnas nos derradeiros anos, hai algunha falta de interese e motivación por aprender e prodúcense algúns actos concretos de indisciplina que son os que en ocasións transcenden, alarmando e creando unha visión distorsionada do funcionamento normal do centro. A convivencia entre os

alumnos e as alumnas é razoablemente boa. Algunhas veces prodúcese agresión ou ameazas a outros compañeiros. Os conflitos que poidan xurdir aparecen normalmente á hora do recreo, moitos deles orixinados nos xogos: insultos, pelexas... Estes resólvense co diálogo ou algunha medida disciplinaria de carácter menor: quedarse sen xogar no recreo, comunicación aos pais e nais...

e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Compre buscar estratexias que permitan previr conflitos futuros e resolver eficazmente aqueles que xa se presentaron, considerando cada situación problemática como unha situación para aprender a xestionar mellor a cada grupo e como un exercicio práctico no que os alumnos e as alumnas aprendan a construír un clima de convivencia respectuoso e favorable en sociedade. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes donoso centro para a resolución dos conflitos no ámbito escolar.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

A convivencia no centro orientarase aos seguintes fins:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.

- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Os obxectivos específicos derivados da análise previa establécense en:

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
- Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.

- Prever as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
- Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a Convivencia enuméranse os seguintes:

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

Consideramos especialmente importantes a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

- Presentación do plan de convivencia ao profesorado.
- Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.
- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.

- Revisión nos departamentos/equipos, CCP e claustro, a primeira semana de setembro, das normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado.
- Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
- Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.
- Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Establecer as funcións dos departamentos/equipos, CCP, comisión de convivencia, claustro e consello escolar en relación coa aplicación, revisión e desenvolvemento do plan de convivencia.
- Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.

3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

- Dar a coñecer entre o alumnado o plan de convivencia e as NOF.
- Informar as nais e pais/titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o plan de convivencia e NOF, entregando dípticos resumo.
- Impulsar a creación e a actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións;

taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...

- Establecer reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar acción conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Programar nos respectivos departamentos/equipos o calendario de actividades que hai que desenvolver para o logro dos obxectivos propostos na concreción anual do plan de mellora da convivencia, planificando espazos, tempos, instrumentos de avaliación e recursos necesarios.
- Incorporar no plan de acción tutorial actividades para analizar o clima de aula e establecer as normas de convivencia.
- Establecer unha data mensual fixa para a reunión da CCP e plans trimestrais de traballo.

4. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos:

- Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas do plan.
- Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo...).
- Utilizar asembleas de aula como sesións de información, debate e participación.
- Colaboración do profesorado na implantación das normas establecidas para o adecuado funcionamento dos servizos (aulas, comedor, transporte...).

5. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

- Deseño de actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do centro/aula, establecemento de sancións, difusión e avaliación do cumprimento, dentro do marco normativo.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o

desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.

- Incluir nas programacións para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
 - Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións.
 - Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.
 - Transmisión na aula de mensaxes de acollida a todos os compañeiros nos nosos xogos (todos podemos xogar, só non xoga o que non quere).
 - Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
 - Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma...), para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.
 - Incrementar as actividades en parellas e pequenos grupos.
 - Fomentar a través do traballo en grupo a valoración persoal de cada alumno, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.
 - Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo, planificando a súa consecución e valorando o seu logro nas avaliacións.
 - Formular as actividades en pequenos grupos, transmitíndolle ao alumnado os obxectivos que pretendemos lograr, as tarefas que deben realizar, as tarefas e os roles que lles corresponden aos diferentes membros do grupo, os recursos dispoñibles e o tempo.
- Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.
- Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a: expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de

respecto cara ás emocións dos demais, desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros, coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras, ser asertivos superando a timidez e a inseguridade, identificar as situacións de violencia/abuso, rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes modelos de comportamento.

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN DIRECTA ANTE PROBLEMAS DE CONVIVENCIA

- Elaborar un protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.
 - Documentación (folla de avaliación actitudinal ou rexistro ou partes de faltas/disciplina).
 - Actuacións do profesorado de aula.
 - Actuacións do profesorado titor e do departamento de orientación.
 - Actuacións do equipo directivo.
- Elaborar protocolos de actuación ante unha agresión.
 - Realizar entrevistas individuais coas persoas agredidas, pescudando ata que punto lle afectou a agresión, reforzalo e mellorar a súa autoestima.
 - Realizar entrevistas individuais coas persoas agresoras, co obxecto de reflexionar sobre os seus actos e actitude (individual/grupo), facéndoas tomar conciencia sobre a responsabilidade que temos sobre as consecuencias das nosas accións, esixíndolle que pida desculpas e asegure que a agresión non se vai volver repetir.
 - Inducir o alumnado a solicitar a axuda dos profesores en caso de agresión.
- Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.
- Solicitar o apoio e asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Aplicación de programas para a adquisición de habilidades e técnicas de resolución de conflitos mediante a negociación.
- En función dos niveis, traballar mediante debuxos ou carteis, conceptos de convivencia e descrición do maltrato.

- Abordar as consecuencias sociais e éticas que supón o comportamento violento.
- Aplicar a mediación como técnica de resolución de conflitos.

i. Actividades do plan de acollida.

1. Preparar co titor ou titora a acollida do grupo clase por medio de actividades adaptadas.
2. Asignación dun compañeiro titor, previamente instruído.
3. Realización na súa aula de actividades de acollida.

OBXECTIVOS

- ✓ Coñecer as dependencias do centro e os usos das mesmas.
- ✓ Coñecer a normativa básica para acceder e facer un uso correcto das dependencias e materiais do centro.
- ✓ Coñecer a estrutura básica do novo sistema educativo: a materias que van cursar, a distribución do tramo horario, ...
- ✓ Coñecer ao equipo directivo e, se é posible ao profesorado titor dos nenos/as.
- ✓ Acadar a integración cos demais alumnos o antes posible.
- ✓ Coñecer as normas básicas de acceso e funcionamento do centro.
- ✓ Facilitar un extracto das NOFC para as nais e país e un díptico informativo.

TEMPORALIZACIÓN

- ✓ Elaboración do díptico informativo que se lle entrega a cada familia.
- ✓ Visita das nais e pais dos novos alumnos/as
- ✓ Charla informativa sobre a normativa do centro e a Educación Primaria
- ✓ Acollida do alumnado de novo ingreso
- ✓ Incorporación ás aulas
- ✓ Realización de xogos ou actividades de acollida (o titor)

O COMPAÑEIRO TITOR

Ademais do titor instauraremos a figura do compañeiro titor que terá como funcións:

- ✓ Presentaralle aos mestres.
- ✓ Explicará o funcionamento da clase e do centro.
- ✓ Facilitaralle a relación con outros compañeiros/as.

En calquera circunstancia especial, valoraranse as pautas do DO para a acollida do alumnado de nova incorporación.

ii. Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepción, a autoestima e a educación afectivo - sexual.

En todas as actividades que se realizan ao longo do curso escolar terase en sempre un traballo transversal relacionado co autoconcepción, a autoestima e a educación afectivo – sexual.

iii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Celebrarase a conmemoración do 25N intentando que participe toda a comunidade educativa para afondar no problema da violencia de xénero que tanto preocupa na sociedade actual.

iv. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

En todas as actividades que se realizan ao longo do curso escolar terase en sempre un traballo transversal relacionado coa á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

v. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

Elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da

imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Titoría entre iguais

Non se leva a cabo, polo de agora

Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

No noso centro intentarase levar cabo este ano por primeira vez un programa de mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito.

Quedan por elaborar as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.

vi. Aula de convivencia inclusiva.

A finalidade da aula de convivencia inclusiva é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

O profesorado que atenderá esta aula será o mestre ou mestra que esté de garda no momento sempre supervisado e dirixido polo Orientador.

O departamento de orientación do centro elaborará un programa de actuación e traballo encamiñado a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado que favorezan actitudes responsables e conductas positivas para a convivencia.

A localización da aula de convivencia inclusiva será a última aula do corredor de infantil, terá disponibilidad de 9:00 a 14:00h e conta cos recursos, materiais necesarios para o desenvolvemento da tarefa docente.

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

Actuacións para a prevención das situacións de acoso escolar e ciberacoso

- ✓ Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- ✓ Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- ✓ Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- ✓ Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- ✓ Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- ✓ Posibilidade de crear comisións de investigación, compostas por alumnado e profesorado, sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar.
- ✓ Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- ✓ Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- ✓ Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- ✓ Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...

- ✓ Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- ✓ Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.

Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:

- ✓ Relacións no grupo.
- ✓ Fomento da amizade.
- ✓ Tarefas colaborativas.
- ✓ Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
- ✓ Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
- ✓ Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

O Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

- b. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- c. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar.

DetECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

Cando se detecte unha situación de acoso escolar, porase en funcionamento o seguinte protocolo.

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación. Para isto, é conveniente ter establecido un claro plan de actuación onde se recolla un conxunto de medidas destinadas a frear e paliar a situación de acoso.

O protocolo consta das seguintes fases:

- Fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.



- Fase segunda: recollida de información e rexistro.

**Segunda fase
Recollida e rexistro da información (anexo 7)**

Entrevista individual á presunta vítima	Entrevista á/s persoa/s presuntamente responsable/s	Entrevista ás persoas observadoras/espectadoras	Entrevista ás familias implicadas	Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico	
				Departamento de orientación	Outros profesionais educativos e/ou axentes externos
Anexo 8	Anexo 9	Anexo 10	Anexos 11 e 12	Anexo 13	Anexo 14

➤ Fase terceira: análise da información e adopción de medidas.

**Terceira fase
Análise da información e adopción de medidas (anexo 15 e 16)**

Comunicación á dirección da información recadada

				Apertura de expediente (se procede)	
Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector)			Non	Si	
Protección e apoio á presunta vítima	Outras medidas			Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s	Medidas provisionais para a/s persoa/s agresora/s
	Alumnado	Familias	Equipo docente		
Anexo 16	Anexo 16			Ver modelos normalizados	

➤ Fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

**Cuarta fase
Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (anexo 16)**

Medidas	Grao de consecución	Avaliación
Anexo 16	Anexo 16	Anexo 16

3.3. Protocolo de Absentismo.

O absentismo escolar é un problema ao que os centros educativos teñen que facer fronte dun xeito directo e permanente, e é motivo de preocupación, tanto para a comunidade

educativa como para a sociedade en xeral, por incidir directamente no exercicio do dereito fundamental á educación.

O control da asistencia a clase é unha función do profesorado, e cada centro educativo debe articular a forma de promover a asistencia a clase e o procedemento para controlar esa asistencia.

Coa finalidade de establecer unhas pautas comúns de actuación elaborouse o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.

Inicio do expediente

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual

Tramitación do expediente

- a. Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporará ao rexistro de contactos
 - Data da intervención
 - Motivo da intervención
 - Forma de contacto
 - Persoa do centro que realizou a intervención
 - Conclusións da intervención ou resposta da familia

- b. Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso. Deses reunións levantará acta o profesorado titor.

- c. Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.
- d. O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución e levantará acta desa reunión. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente.
- e. A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo, indicando, cando menos:
 - i. A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.
 - ii. A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.
 - iii. No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.
- f. De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

Documentos que conforman o expediente

O expediente de absentismo conformarano, como mínimo, os seguintes documentos:

1. Rexistro de contactos do centro educativo coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, que elabora a xefatura de estudos.
2. Acta da entrevista do profesorado titor coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
3. Acta da entrevista da xefatura de estudos coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, e co propio alumnado, de ser o caso.
4. Listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas.

5. Rexistro de cumprimento das distintas actuacións. De ser o caso, informe da xefatura de estudos sobre os motivos do incumprimento dalgunha actuación.
6. Notificación do expediente de absentismo.

3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.

- Incluir no plan anual de formación do centro actividades formativas, propostas desde os equipos de ciclo, relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia e que aglutinen o maior número de profesores e profesoras posible.
- Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.
- Elaborar orientacións e establecer programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
- Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia desde a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
- Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos, potenciar o uso positiva das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.
- Elaborar orientacións e establecer programas formativos dirixidos ao profesorado e ás familias, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirlles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e en caso de ameazas graves presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.
 - Formación do profesorado titor.
 - Formación, nas sesións de tutoría, do alumnado.
 - Constitución e formación de equipos de mediadores.

- Programar e desenvolver, no marco dos plans de formación ofertados pola Administración, algún plan de mellora da convivencia:
 - Programas específicos de resolución de conflitos.
 - Programas específicos de mediación en conflitos.
 - Programas de axuda entre iguais.
 - Programas de mentora do tecnolóxico.

i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP)

A nivel de centro, a formación do profesorado está orientada a aspectos de currículo durante este curso escolar. A nivel persoal, os docentes realizarán algún curso de xeito individual relacionado coa convivencia na escola.

ii. Escola de familias

Este ano intentarse crear a escola de familias para tratar temas relevantes dentro da comunidade educativa, como por exemplo a alimentación saudable, resolución de conflitos, mellora da convivencia, fomento do respecto mutuo e tolerancia.

As referidas propostas serán elevadas ao Consello Escolar e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

3.5. Normas de convivencia do centro

- ✓ É obrigación do alumnado asistir, con puntualidade, a clase e permanecer no centro durante as horas lectivas.
- ✓ Cómpre vir ao centro limpo e aseado.
- ✓ A hora de entrada será ás 9:00h. da mañá e o portalón de acceso ao colexio abrirase dez minutos antes. Pecharase, ás 9:05 h. por mor da seguridade dos alumnos e das alumnas, cando cheguen tarde ó colexio, deberán vir acompañados por unha persoa adulta que xustifique a tardanza na secretaría do centro. En ningún caso pódese deixar ao alumnado na porta do colexio para que acceda só á aula, cando este chega tarde.
- ✓ O horario de saída será ás 14:00 h. Abrirase o portalón ás 13:50 h. Todo o alumnado terá que ser recollido por algunha persoa autorizada agás o alumnado de 5º e 6º que está autorizado a marchar só.

- ✓ Cando sexa necesario recoller os alumnos e as alumnas dentro da xornada escolar por algún motivo xustificado é preciso que o comuniquen cubrindo un impreso que lles será facilitado na secretaría do Centro.
- ✓ As persoas que recollen ao alumnado ao remate da xornada escolar, esperaranos sempre nos patios ou soportais do colexio.
- ✓ No caso de que algunha familia se retrase á hora de recoller ao alumnado, será o mestre ou mestra que nese momento estivese atendendo ao grupo en colaboración con algún dos membros do Equipo Directivo quen adoite as medidas oportunas para que se sinta amparado e ata que sexa recollido pola súa familia. Se o retraso se repite; enviarase ás familias carta da Dirección indicando as consecuencias deste acto: entre as que está a de informar aos Servizos Sociais da situación e avisar á policía municipal, en caso de non ser localizada á familia e a tardanza ademáis de repetida, superior ás 14:15h.
- ✓ Todos os membros da comunidade educativa están obrigados a coidar e facer coidar o edificio e facer un bo uso do mobiliario, das instalacións e do material docente.
- ✓ Cada grupo de alumnos/as é responsable do coidado e mantemento da aula na que realizan as súas tarefas.
- ✓ O alumnado deberá acatar co debido respecto e compromiso as normas establecidas por cada un/a dos/as profesores/as segundo as necesidades de cada especialidade ou titoría en particular. Así como tamén acatará as sancións pertinentes, se non cumpre as normas establecidas.
- ✓ A actitude do alumnado que reiteradamente lixe o material da aula será considerada falta.
- ✓ Todo deterioro provocado por un uso indebido deberá ser reparado, e, no seu caso, aboado polo seu autor ou autores, neste caso ao ser menores, polos seus titores legais.
- ✓ Non se permitirá a utilización, durante as actividades docentes, de teléfonos móbiles, nin calquera outro tipo de elementos alleos á clase que poidan impedir o desenvolvemento normal desta. Se por circunstancia excepcional houberse necesidade por parte dos pais/nais/ titores de comunicarse co alumno/a farao a través do teléfono do centro.
- ✓ As faltas de asistencia e puntualidade deberán ser xustificadas polos pais/nais/titores, ao titor/a correspondente. O titor ou titora fará un seguimento da asistencia do alumnado ao centro, sendo obriga das familias a xustificación das mesmas. O/a xefe/a de estudos levará un rexistro de absentismo e cando este sexa significativo farase

chegar aos Servizos Sociais do Concello e da Xefatura Territorial a través da Dirección do Centro.

- ✓ A asistencia a visitas e viaxes programadas polo colexio son un deber para os alumnos/as, pois completan a súa formación. É perceptivo para todos aqueles que asistan ter autorización asinada para a asistencia a este tipo de actividades. A non asistencia ás citadas saídas culturais deberá ser plenamente xustificada, tendo os alumnos/as que asistir igualmente ás clases ese día. No caso de que o mestre-titor non desexe asistir a unha saída programada co seu grupo, este quedará no centro, agás que algún outro mestre, voluntariamente, se faga cargo dos seus alumnos/as, sempre que non repercuta dita ausencia no normal funcionamento do Centro e sexa autorizada polo Equipo Directivo.
- ✓ Cada neno/a deberá responsabilizarse de levar ao colexio o seu material escolar. As familias velarán polo material escolar e educativo que o/a seu/súa fillo/a manexe ao longo do curso escolar e asinarán trimestralmente os boletíns académicos dos/as seus/súas fillos/as salvo cando se entregan en man ás familias.
- ✓ Fomentarse, tanto dende o ámbito familiar como no seo do propio centro, a integración dun vocabulario afectivo e respectuoso, potenciando o diálogo e desterrando as expresións mal soantes, agresivas e humillantes.
- ✓ As familias deberán asistir ás reunións convocadas polo Centro; así como as visitas tutoriais co/a profesor/a titor/a ou outros profesores/as.
- ✓ As familias no poderán permanecer dentro do recinto escolar coas súas mascotas.
- ✓ É obrigatorio ducharse ao finalizar as sesións de educación física por motivos de hixiene e hábitos saudables, a partir de 4º de educación primaria, inclusive. O incumprimento desta norma será obxecto de conduta leve contraria á convivencia escolar, polo tanto, cada dous rexistros desta norma abrirase un parte de incidencias.

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a. Ter carácter educativo e recuperador.
- b. Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c. Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d. Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b. Condutas leves contrarias á convivencia.

i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) Faltas inxustificadas de puntualidade.
- b) Faltas inxustificadas de asistencia.
- c) O deterioro non grave nas dependencias e instalacións do centro, nos materiais de traballo ou calquera outro obxecto, sexa do centro ou propiedade doutros membros da comunidade escolar.
- d) Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Deterioro non intencionado do equipamento E-dixgal da aula ou do profesorado.
- f) Deterioro non intencionado do portátil Edixgal doutro compañeiro.
- g) Comportamentos indesexados dentro das aulas: interrupcións, alteracións do orde e impedimento do desenvolvemento normal das materias.

- h) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia
- i) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Medidas correctoras

Á hora de graduar a aplicación das medidas correctoras sempre se terá en conta a idade do alumno.

Consideraranse paliativas na gradación das medidas correctoras:

- O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- Arrepentimento manifesto.

Consideraranse no mesmo caso como acentuantes:

- A premeditación e a reiteración.
- Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menos idade ou aos acabados de incorporarse ao centro.
- Calquera acto que supoña discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas, morais ou urelixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Negativa ante o arrepentimento.
- A difusión da conduta por calquera medio.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a. Amoestación privada ou por escrito.
- b. Comparecencia inmediata ante o equipo directivo.
- c. Realización de traballos específicos en horario lectivo e non lectivo.

- d. Realización de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana, en cursos do mesmo nivel.
- g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

O Director tomará a decisión, tras oír ao alumno e aos seus pais ou representantes legais, nunha comparecencia da que se levantará acta nos apartados f), g) e h).

O Director aplicará a corrección prevista no parágrafo h) sempre que a conduta do alumno dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas.

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ao remate do curso escolar. O alumno, ou os seus pais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, correspondentes aos parágrafos f), g) e h), ante o Delegado Provincial.

Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polos alumnos no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares.

Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumno que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

Serán competentes para decidir as correccións previstas no apartado anterior:

- a. Os profesores do alumno.
- b. O titor do alumno.
- c. O equipo directivo do centro.

i. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia (3).
- l) O incumprimento das sancións impostas.

No caso de que un alumno/a, de forma intencionada deteriore o equipamento Edixgal do centro, profesorado ou o portátil doutro alumno, as familias faranse cargo, dentro do establecido no contrato de cesión dos equipos, dos danos ocasionados no equipo do compañeiro/a.

En todo caso esta medida será tomada previa consulta ós responsables do proxecto Edixgal, en relación ás pautas de actuación neste caso. No caso de que un alumno/a deteriore o seu propio portátil Edixgal, a familia deberá facerse cargo dos danos ocasionados no mesmo, tal como se comprometeron no contrato de cesión asinado cos responsables do Proxecto.

Corrección de condutas contrarias á convivencia

A constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciaren a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

As citacións realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

A non comparecencia sen causa xustificada das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/vos, ou ben a negativa para recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a catro días e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dura a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dura a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Cando se imponha a corrección prevista no parágrafo f) a un alumno de ensinanza obrigatoria, a Administración Educativa procurará ao alumno un posto escolar noutro centro docente.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ao remate do curso escolar.

ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración ao centro. Tamén elaborará e desenvolverá un plan de habilidades sociais para aqueles alumnos/as, que como consecuencia da aplicación de medidas correctoras se vexa privado/a da asistencia ao centro. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor, de ser o caso cos servizos sociais, e procuraranse implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr o desenvolvemento axeitado do proceso educativo.

RESPONSABILIDADE DOS PAIS , NAIS OU TITORES LEGAIS

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias , e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela

Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exigidos daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

Procedemento común

O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector.

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade

educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a. Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- b. Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c. Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
- d. Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Procedemento conciliado

Co procedemento conciliado perséguese que o diálogo, a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia sirva para que a persoa agraviada se sinta valorada, que as medidas correctoras sexan consensuadas, de ser o caso, coa colaboración dunha persoa mediadora para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e, ao mesmo tempo, para facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Gradación das medidas correctoras

- a. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d. A natureza dos prexuizos causados.
- e. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

ii. Procedemento conciliado

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a. Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reconeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b. No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a. Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b. Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c. Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d. Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

Cando a alumna ou o alumno ou as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha

reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar. A dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como mediador ou mediadora do procedemento conciliado.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

iii. Prescrición de condutas e de correccións

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro.

(composición, funcións e periodicidade das reunións).

A comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e todas elas na mesma proporción na que se atopan representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección

do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. Manterán tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a leste, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desvoltas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñer, no seu caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia considéreo oportuno, e ao obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

- a. Colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
- b. Organización de xornadas técnicas, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.
- c. Asesoramento para a elaboración e seguimento dos plans de convivencia nos centros docentes.

O consello escolar do centro educativo deberá:

- a. Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia.
- b. Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c. Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d. Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa: reunións iniciais familias, a través das titorías, páxina web, trípticos informativos ...

3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN ANUAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR

1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.
2. Alcance do plan de convivencia.
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.
4. Renovación do plan de convivencia.
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia
6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.
7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.
9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia.
10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas.

11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.
12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.
14. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro.